



Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña



TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Notificación.-2016001857 - BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, ASI COMO DE 3 OPERARIOS DE MOTOBOMBA (SLT 20/2016)

Notifícaselle que a Alcaldía, en data 12 de xullo de 2016 dictou a seguinte resolución:

Primeiro.- O 1 de xullo de 2016 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballo para a participación na Prevención e Defensa contra Incendios Forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente con Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014 - 2020.

Segundo.- Con data 4 de xullo de 2016 o xefe de servizo de Protección Civil, coa conformidade da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior, emite un informe xustificativo da declaración como servizo público esencial ao Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo, aos efectos de que se proceda a contratación de cinco profesionais para prestar servizos na brigada de incendios forestais, así como a contratación de tres operarios de motobomba.

En todo caso, ao non estar financiada totalmente a contratación dos traballadores pola Xunta de Galicia, posto que segundo a cláusula quinta do citado convenio un dos compromisos que asume este concello é colaborar no financiamento do convenio nos termos que establecen naquel, o servizo debe ser declarado como prioritario de carácter esencial.

Terceiro.- Por Providencia de Alcaldía de data 11 de xullo de 2016 o Sr. Alcalde ordena ao responsable do Servizo de Persoal abrir un expediente de contratación laboral temporal coa elaboración das bases reguladoras correspondentes nas que se inclúa a apertura dun prazo de presentación de instancias na que poidan participar libremente as persoas que, cumprindo os requisitos esixidos, estean interesadas.

Considerando que a competencia para a aprobación das bases das probas para a selección de persoal corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, por aplicación do artigo 21.1 g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por medio da presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Declaración de servizo prioritario de carácter municipal.

Declarar como sector ou servizo prioritario, aos efectos de acreditar o cumprimento da excepción prevista no artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 26 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016 á regra xeral de que "durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal", á actuación do concello de Carballo na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa. Este acordo deberá ser ratificado a maior brevidade pola Xunta de Goberno Local e darase conta ao Pleno municipal na primeira sesión que se celebre.

As razóns desta declaración están recollidas no informe do Xefe do Servizo de Protección Civil, coa conformidade da Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de 4 de xullo de 2016 ao que se fai referencia nos antecedentes desta resolución.

Segundo.- Aprobación de bases.

Aprobar as bases que rexerán a selección como persoal laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios.

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente Resolución.

Terceiro.- Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases mediante a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e destas bases na prensa e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

O prazo de presentación de instancias é de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO.

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

PRIMEIRA.- OBEXECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes bases regulan a selección de persoal para a provisión con carácter temporal e en réxime laboral das seguintes prazas no marco do "Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente con Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014 - 2020" :

- 1 praza de XEFE DE BRIGADA
- 1 praza de PEÓN CONDUTOR
- 3 prazas de PEÓNS DE BRIGADA
- 3 prazas de OPERARIOS DE MOTOBOMBA

O procedemento de selección que se sinala nestas bases axustarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación vixente.

O ámbito de actuación da brigada de prevención e defensa contra incendios será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable, o persoal da brigada municipal participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

Os membros da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello,

segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos nos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordados.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de "contrato por obra ou servizo determinado" previsto na lexislación vixente, sendo a duración da xornada 40 h./semana.

A duración dos contratos será de 3 meses contados a partir da sinatura dos mesmos.

Serán de aplicación aos contratos celebrados ás demais causas de extinción dos contratos laborais previstas no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois

b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder de 65 anos.

c) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Para a praza de Xefe de Brigada: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente.

- Para as prazas de peón de brigada, peón conductor, e operario de motobomba: certificado de escolaridade ou equivalente ou outros superiores.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Ademais, para as prazas de Xefe de Brigada e de Peón Conductor, é preciso estar en posesión de carné de conducir "B"; e para as prazas de Operario de motobomba, é preciso estar en posesión de carné de conducir clase "C", comprometéndose a mantelo vixente mentres dure esta contratación.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán facerse mediante instancia dirixida ao sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, e presentaranse no citado Rexistro en horas de oficina, durante o de cinco días naturais que se iniciará ao día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na prensa.

Poderán, así mesmo remitirse, na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo, inescusablemente, mediante telegrama ou telefax (Nº981702858) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, pois de non facelo así, e de darse a circunstancia de non ter recibida a documentación no citado prazo, poderán ser excluídos do proceso selectivo.

4.2.- Nas respectivas instancias, os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 3º destas Bases, indicarán a praza ou categoría á que optan (xefe brigada, peón conductor, peón brigada, ou operario de motobomba) e acompañarán inescusablemente os seguintes documentos:

4.2.a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezaioito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame. Este importe poderá facerse efectivo directamente nas arcas municipais ou mediante xiro postal ou telegráfico, así como mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta), número de conta de ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 ou número de conta de CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249.

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

4.2.b) Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

4.2.c) Fotocopia da titulación esixida para presentarse ao proceso conforme ao disposto na base terceira, apartado c).

4.2.d) Fotocopia do permiso de conducir categoría B, para aqueles aspirantes que opten as prazas de Xefe de Brigada e Peón Conductor; e fotocopia do permiso de conducir categoría C, para aqueles aspirantes que opten as prazas de Operario de motobomba.

4.2.e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-la función propia a desempeñar e que acredite estar en situación de poder desenvolver unha proba de esforzo físico. No seu defecto, declaración xurada das condicións físicas do aspirante. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a xordeira son igualmente causas de exclusión.

4.2.f) Documentos xustificativos dos méritos alegados e relacionados na base sexta da convocatoria para cada unha das prazas, para a súa avaliación na fase do concurso.

Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificados con posterioridade, sempre que esta xustificación posterior se presente no Rexistro deste Concello con anterioridade á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as ou excluídos/as.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Os anuncios posteriores relacionados con esta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo.

QUINTA.- LISTAXE DE ADMITIDOS/AS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DO EXERCICIO DAS PROBAS

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde dictará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de dous días naturais, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 71 da Lei 30/92.

2.- Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do tribunal cualificador. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e

excluídos/as. A designación farase de conformidade co Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado público, e na súa composición tenderase a paridade entre home e muller.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

SÉTIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes efectuarse polo sistema de concurso-oposición, de acordo co seguinte detalle:

7.1.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN.

Os/as aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren a proba de esforzo físico de provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "O", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda de 3 de febreiro de 2016, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o 03/02/2016 (DOG 12/02/2016), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

7.2.- FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS.

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados polos/as aspirantes.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias, segundo o baremo que se especifica no Anexo I destas bases para cada unha das categorías ofertadas. Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado.

Realizarase con carácter previo á fase de oposición e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Non obstante, non é preceptivo que medie un prazo previo entre a publicidade das cualificacións da fase de concurso e o chamamento de aspirantes e inicio da fase de oposición.

7.3 FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición ten carácter eliminatorio e será común para todas as prazas. Consistirá na realización dunha proba física de esforzo que permita garantir as condicións de saúde precisas para o desempeño do posto de traballo.

Será cualificada como apto ou non apto, sendo requisito imprescindible para obter a cualificación de apto/a a superación dunha proba de banco, que consistirá en subir e baixar dun banco, de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un período de 5 minutos, sendo necesario para ser considerado apto/a obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba, aprobadas a estes efectos pola Consellería de Medio Rural e do Mar.

7.4.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola suma da puntuación obtida en cada un dos apartados baremables da fase de concurso.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

Serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación global.

En caso de igualdade será seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por experiencia profesional. De persistir o empate, serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por experiencia profesional no ámbito da Administración Pública, e, de persistir o empate, serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por experiencia profesional no ámbito da empresa privada. Por último, e de persistir o empate, serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por asistencia a cursos relacionados co posto de traballo convocado, e de persistir o empate, por cursos en materia de prevención de riscos laborais.

OITAVA.- PROPOSTA DE SELECCIÓN, LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN E OBRIGAS DO SELECCIONADO CON CARÁCTER PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios do Concello o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Listaxe de substitucións. Na acta do tribunal incluírase unha relación dos/as aspirantes, por orde de puntuación, que tendo superado o exercicio da oposición, no seu caso, non foran incluídos na listaxe de aprobados/as e proposta de contratación para cada unha das categorías ofertadas, aos efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as. A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais, será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Presentación de documentos. O/a aspirante proposto/a presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días naturais (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, así como a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo

Obrigas dos seleccionados. As persoas seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Carballo.

A non superación do recoñecemento médico ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación, ou no seu caso de resolución do contrato, do traballador/a seleccionado/a, sen prexuízo das posibles accións que procedan por incorrer en falsidade na declaración xurada.

Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

NOVENA.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan e superada a proba de esforzo físico e o curso teórico-práctico referido na base oitava, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal por obra ou servizo.

Previamente á sinatura dos contratos, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán incorporarse aos seus postos de traballo no prazo máximo de tres días naturais dende que sexan requiridos para elo.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen aos posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

No suposto de que os/as seleccionados/as non presenten a documentación requirida ou ben renunciem ao posto obtido, ou ben non superen o recoñecemento médico así como o curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais, as propostas de contratación efectuarase aos seguintes da listaxe de substitucións a se fai referencia na cláusula 8ª destas bases.

Período de proba. As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

DECIMA.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Publicidade do proceso selectivo.

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Segunda.- Protección datos de carácter persoal.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo.

Terceira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Cuarta.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Quinta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Sexta.- Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

ANEXO I: BAREMO DE MÉRITOS PARA A FASE DE CONCURSO

I.A.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE XEFE DE BRIGADA.

I.A.1) Experiencia Profesional.

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con similares funcións:

a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes máximo 3,5 puntos.

b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes máximo 1,5 puntos.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

Os servicios antes sinalados serán xustificados mediante informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado da empresa ou fotocopia dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado.

I.A.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados co posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 4 puntos:

-Por cada curso de menos de 20 horas de duración: 0,20 puntos.

-Cursos de duración de 20 a 60 horas: 0,25 puntos.

-Cursos de duración de 61 a 100 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de duración de 101 horas en adiante: 1 punto.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar, con suficiente claridade, o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, éstos non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán valorados.

Os cursos de formación sobre prevención de riscos laborais serán puntuados segundo o previsto no apartado seguinte.

I.A.3) Cursos de prevención de riscos laborais:

Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,25 puntos

Desde 51 a 300 horas: 0,5 puntos

De máis de 300 horas: 1 punto

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

I.A.4) Ser titular de permisos de conducir.

Por estar en posesión de permisos de conducir, diferentes e a maiores do requirido como requisito dos aspirantes na base terceira, apartado d): 0,25 puntos por cada un deles, ata un máximo de 0,50 puntos.

I.A.5) Coñecemento da lingua galega:

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose unicamente o grao superior alegado, e concedéndose validez soamente ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Celga 1: 0,10 puntos
- Celga 2: 0,15 puntos
- Celga 3 ou Grao de iniciación 0,25 puntos
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento..... 0,50 puntos

I.A.6) Demandante de Emprego:

Por cada mes de antigüedad como demandante de emprego: 0,10 por mes ata un máximo de 0,50 puntos.

Será preciso presentar un informe do Servizo Público de Emprego que acredite a permanencia na situación de desemprego e a duración da mesma.

I.B.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE PEÓN CONDUTOR.

I.B.1) Experiencia Profesional.

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con similares funcións:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes máximo 3,5 puntos.
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes máximo 1,5 puntos.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

Os servicios antes sinalados serán xustificados mediante informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado da empresa ou fotocopia dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado.

I.B.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados có posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares) , ata un máximo de 4 puntos:

- Por cada curso de menos de 20 horas de duración: 0,20 puntos.
- Cursos de duración de 20 a 60 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de duración de 61 a 100 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de duración de 101 horas en adelante: 1 punto.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar, con suficiente claridade, o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán valorados.

Os cursos de formación sobre prevención de riscos laborais serán puntuados segundo o previsto no apartado seguinte.

I.B.3) Cursos de prevención de riscos laborais:

Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,25 puntos

Desde 51 a 300 horas: 0,5 puntos

De máis de 300 horas: 1 punto

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

I.B.4) Ser titular de permisos de conducir.

Por estar en posesión de permisos de conducir, diferentes e a maiores do requirido como requisito dos aspirantes na base terceira, apartado d): 0,25 puntos por cada un deles, ata un máximo de 0,50 puntos.

I.B.5) Demandante de Emprego:

Por cada mes de antigüidade como demandante de emprego: 0,10 por mes ata un máximo de 0,50 puntos.

Será preciso presentar un informe do Servizo Público de Emprego que acredite a permanencia na situación de desemprego e a duración da mesma.

I.C.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A TRES PRAZAS DE PEÓNS DE BRIGADA.

I.C.1) Experiencia Profesional.

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con similares funcións:

a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes máximo 3,5 puntos.

b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes máximo 1,5 puntos.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

Os servicios antes sinalados serán xustificados mediante informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado da empresa ou fotocopia dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado.

I.C.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados có posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares) , ata un máximo de 4 puntos:

-Por cada curso de menos de 20 horas de duración: 0,20 puntos.

-Cursos de duración de 20 a 60 horas: 0, 25 puntos.

-Cursos de duración de 61 a 100 horas: 0, 50 puntos.

-Cursos de duración de 101 horas en adiante: 1 punto.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar, con suficiente claridade, o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, éstos non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

Os cursos de formación sobre prevención de riscos laborais serán puntuados segundo o previsto no apartado seguinte.

I.C.3) Cursos de prevención de riscos laborais:

Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,25 puntos

Desde 51 a 300 horas: 0,5 puntos

De máis de 300 horas: 1 punto

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

I.C.4) Ser titular do permiso de conducir B: 0,50 puntos.

I.C.5) Demandante de Emprego:

Por cada mes de antigüidade como demandante de emprego: 0,10 por mes ata un máximo de 0,50 puntos.

Será preciso presentar un informe do Servizo Público de Emprego que acredite a permanencia na situación de desemprego e a duración da mesma.

I.D.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A TRES PRAZAS DE OPERARIOS DE MOTOBOMBA.

I.B.1) Experiencia Profesional.

Por servizos prestados en traballos directamente relacionados ou similares coas funcións do posto de traballo:

a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes máximo 3,5 puntos.

b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes máximo 1,5 puntos.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

Os servizos antes sinalados serán xustificados mediante informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado da empresa ou fotocopia dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado.

I.B.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados có posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 4 puntos:

-Por cada curso de menos de 20 horas de duración: 0,20 puntos.

-Cursos de duración de 20 a 60 horas: 0,25 puntos.

-Cursos de duración de 61 a 100 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de duración de 101 horas en adelante: 1 punto.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar, con suficiente claridade, o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, éstos non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán valorados.

Os cursos de formación sobre prevención de riscos laborais serán puntuados segundo o previsto no apartado seguinte.

I.B.3) Cursos de prevención de riscos laborais:

Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,25 puntos

Desde 51 a 300 horas: 0,5 puntos

De máis de 300 horas: 1 punto

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

I.B.4) Demandante de Emprego:

Por cada mes de antigüidade como demandante de emprego: 0,10 por mes ata un máximo de 0,50 puntos.


Será preciso presentar un informe do Servizo Público de Emprego que acredite a permanencia na situación de desemprego e a duración da mesma.

RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

A que comunico para os efectos oportunos.

Carballo, 12 de xullo de 2016



D. José Villán Fuertes
Secretario